

## INMIGRACIÓN E CIDADANÍA

# *Caravana Abrindo Fronteiras 2017. Destino: Melilla. Denuncia a vulneración dos DDHH das persoas en movemento en Europa*

*Montse Benito, M<sup>a</sup> Dolores García e Joana M<sup>a</sup> Perelló*

O pasado mes de xullo, entre os días 14 e 22, tivo lugar a segunda acción da «Caravana Abrindo Fronteiras», na que participamos algunhas das compañeiras de Entrepobos de diferentes territorios. Esta rede é unha plataforma estatal que naceu no 2016 coa caravana a Grecia e, actualmente, está formada por máis de 100 colectivos e organizacións, entre elas Entrepobos.

*Unha caravana  
de resistencia e  
acción política  
con ollada  
feminista  
  
Incorporar  
o feminismo  
significa  
visibilizar  
as mulleres,  
recoñecendo  
a particular  
violencia que  
enfrentan e  
recoñecéndoas  
como suxeitos  
activos e  
políticos*

O obxectivo principal é o de denunciar as políticas migratorias criminais e de asilo da UE e dos seus estados membros, concretamente nesta segunda edición as do estado español. Por iso o noso destino final era Melilla (Fronteira Sur), pasando por Madrid, Sevilla, Alxeciras, Tarifa, Málaga e Almería, denunciando a vulneración sistemática dos DDHH que se dá nesa fronteira.

Unha viaxe chea de solidariedade, reivindicación, aprendizaxes, experiencias, coidados e calidez humana, composta por máis de 450 persoas de todo o estado español. Quixemos tratar de fortalecer os lazos solidarios entre os pobos, tecdos en todas direccións e dende todos os territorios. Xuntas recorreremos moitos kilómetros enchendo as rúas destas cidades con berros e cánticos de «A lei de extranxeiría mata xente cada día», «Solidarité, avec les sans papiers», «Nin CIE's nin fronteiras, nin morte nas pateras», «Ongi etorri errefuxiatuak», «Papeis para todas ou todas sen papeis», «Liberdade, liberdade, detidas por migrar», «As «vallas» matan, Europa remata», «Ningunha persoa é ilegal» ou «Dones lliures en territoris lliures».

Unha caravana de resistencia e acción política con ollada feminista, en canto a participación (un 70% de mulleres) e en canto a facer visible a presenza das mulleres nos procesos migratorios, como protagonistas. Incorporar o feminismo significa visibilizar as mulleres, recoñecendo a particular violencia que enfrentan e recoñecéndoas como suxeitos activos e políticos. É absolutamente necesario pór en valor o seu esforzo e o seu traballo, a súa loita diaria e

as súas resistencias. Mulleres que atravesan fronteiras convertidas en zonas de guerra, espazos militarizados nos que o patriarcado as agride dobremente facendo máis profundas as desigualdades, multiplicando a violencia, a explotación e a exclusión. A violencia sexual, compoñente endémica de todos os conflitos, é usada na fronteira e no seu camiño como unha arma máis.

Unha caravana viva en todo o percorrido, con accións organizadas «in situ» respondendo día a día do que estaba a suceder ao noso redor: acción no aeroporto de Sevilla denunciando as devolucións en quente, «performance» simulando un naufraxio na costa de Tarifa, acción en Melilla ante o exministro de Interior Fernández Díaz, presentación en Melilla dunha queixa formal ante a delegación de goberno pola actuación das forzas policiais na fronteira, entrega de demandas ao actual Ministro de Interior en Almería.

As actuacións do Estado español e a meirande parte dos estados membros da Unión Europea, despregan mecanismos destrutores de vidas humanas, pois se non matan directamente, como pasou na praia de Tarajal en Ceuta en 2014, deixan morrer a milleiros de persoas, ben sexa a través de intervencións das forzas e corpos de seguridade do Estado; a través dos discursos dos membros do Goberno e outras institucións públicas, que reforzan e lexitiman estes mecanismos; ou ben a través da simple deixación de responsabilidades, como a omisión de socorro a quen está en perigo de morte.

Puidemos contrastar que son prácticas habituais as devolucións colectivas ile-



*Asemblea da Caravana en Sevilla*


gais (devolucións en quente), a omisión de socorro e do Dereito do Mar a persoas que naufragan en augas españolas, e que en moitos casos se acude á xendarmería marroquí, mesmo estando en augas da xurisdición española; o abandono de nenos e nenas en mobilidade (os mal chamados MENAS, menores non acompañados) nas rúas de Melilla, sen aplicarlles os acordos internacionais de interese superior do menor; as condicións dos CIE (Centros de Internamento para Extranxeiros), onde permanecen privados de liberdade e en pésimas condicións, persoas que non cometeron ningún delito; a externalización de fronteiras a terceiros países (Turquía, Marrocos) pagándolles moitísimos millóns para que fagan o papel sucio que os países europeos non queren facer, ou os discursos e argumentos que fomentan o racismo e a xenofobia, o desprezo e o rexeitamento.

Sabemos que non estamos ante situacións que ocorran de xeito illado, senón ante unha arquitectura de impunidade que permite a sistemática violación dos dereitos por parte das institucións da Unión Europea, e particularmente do Estado español. A «normalización» desas violacións de dereitos humanos é unha das realidades máis dolorosas que temos enfrontado. Non só é preocupante, é e debe ser indignante, porque non son mortes, son asasinatos.

Na fronteira vívense de maneira especialmente salvaxe as consecuencias do racismo e o patriarcado estrutural, como podemos comprobar. As realidades que sofren as persoas migrantes son ocultadas. Silenciaas o medo á deportación, o trato vexatorio que sofren continuamente, a súa pobreza, a represión. Melilla, esa zona de non dereito. Constrúese sobre o racismo social e institucional, a práctica de malos tratos e tortura, todo fundamentado nun lucrativo modelo securitario que supón millóns a moitas empresas e lobbies do sector.

Non se conta con mecanismos axeitados para garantir a seguridade e a protección das vítimas de trata ou das persoas LGTBI.

Ademais queremos tamén visibilizar e denunciar a situación das mulleres en Melilla que está atravesada polas características precarias do traballo transfronteirizo, nas cales os empregadores e outros actores se benefician da man de obra barata e dos baleiros legais que exacerbam a precariedade laboral. Concretamente, as mulleres porteadoras, que transportan mercadorías cara a Marrocos sobre o seu lombo ou nas súas mans para poder proveer de ingresos ao seu núcleo familiar, están expostas a un conxunto de abusos e agresións, e as traballadoras do fogar, cuxa situación de explotación laboral é vergoñenta e inhumana.



*A «normalización» desas violacións de dereitos humanos é unha das realidades máis dolorosas que temos enfrontado*

*Non se conta con mecanismos axeitados para garantir a seguridade e a protección das vítimas de trata ou das persoas LGTBI*



*É necesario  
 romper esa  
 fronteira da  
 indiferenza na  
 que vivimos  
 sumerxidas  
 cada día nos  
 nosos territorios,  
 sinalar os  
 culpables*

Descoñecemos ao escribir este artigo cal será o futuro da «Caravana Abrindo Fronteiras». As accións máis potentes ata agora, foron as rutas a Grecia en 2016 e a Melilla este 2017. Nestes momentos estase a traballar nun proceso de discusión nos diferentes territorios e nunha vindeira asemblea xeral sobre o modelo de caravana e o destino para o 2018.

trol das persoas migrantes, e sen o sistema perverso de deportación non sería posible. Por iso se traballa por afrontar esta realidade, que ademais se sustenta, como todos os dispositivos de represión, no lucro. Por iso, é que se anima activamente a sumarse ao boicot das compañías que xestionan os macro voos especiais de deportación, que supoñen en torno a 12.000.000€ anuais.



*Caraveis en memoria das persoas que perderon a vida no Mediterráneo*

Dende Sevilla, pola proximidade á Fronteira Sur, Entrepobos estivo participando nas reunións que van marcando as estratexias futuras. Proximamente hai previsto facer un encontro a nivel andaluz, posiblemente en Málaga, que reforce a nosa presenza na denuncia dos atropelos e mortes que temos cada día. Tamén mantemos unha estratexia de coordinación con outros colectivos, como a «Plataforma somos migrantes» ou asistir ás xornadas anuais en Cádiz, que se levaron a cabo os pasados 27 e 28 de novembro onde se presentaron datos e investigacións moi serias sobre o tema [<https://www.apdha.org/media/informe-frontera-sur-2017-web.pdf>].

Dende Valencia e Murcia organizouse o traballo contra a represión das persoas migrantes a través das campañas locais e da Campaña Estatal polo Peche dos CIE e o final das deportacións. Dende estes espazos artéllase a loita contra o racismo institucional, esixindo o peche destes centros e realizando un traballo de veeduría de DDHH. As políticas racistas fundaméntanse no con-

Actualmente a contrata tena un UTE composto por Viaxes Barceló e Air Nostrum (filial de Iberia). Non obstante, ata o ano pasado, era Air Europa quen xestionaba tales voos.

Dende Barcelona, Entrepobos implicouse na iniciativa do *Tribunal Permanente dos Pobos (TPP) sobre a vulneración dos DDHH das persoas migrantes e refuxiadas*, que explicamos nestas mesmas páxinas.

As xentes de Entrepobos imos seguir nas rúas e nos medios denunciando xunto a moita outra xente, non calando, desobedecendo as leis inxustas para obedecer os DDHH, porque non queremos ser cómplices desas políticas, nin normalizar a dor das nosas veciñas, porque non nos queremos poñer nin nos poremos nunca de parte do opresor, de quen destrúe vidas.

É necesario romper esa fronteira da indiferenza na que vivimos sumerxidas cada día nos nosos territorios, sinalar os culpables, amosar a nosa solidariedade e berrar con forza que outro mundo si é posible. ■